



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
12.06.2024

LUGAR: Torre CACTI do edificio CINBIO
(Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina - campus de Vigo)
DATA: 12.06.2024
HORA DE COMEZO: 12:15
HORA DE REMATE: 14:10

LISTA DE ASISTENTES:

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Bravo Bosch, María José
Calviño Rodríguez, Xulio
Caparrini Marín, Natalia
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Diz Folgar, Manuel
Fernández Zunzunegui, Emilio
García Míguez, María de los Ángeles
Gómez Xunqueira, Demetrio
Graña Nogueiras, Jesús
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
Lesmes Romero, Yolanda
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martíño Gómez, Antonio
Muleiro García, Avelino
Pedrosa Silva, Ernesto
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Santamaría Conde, Juan José
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

DESCULPARON ASISTENCIA:

Blanco Gómez, César
Martínez Alonso, David
Mollinedo Lois, Carlos
Novoa Rodríguez, María Sol

NON ASISTIRON:

Crespo Tobío, Silvia
Ojea Bouzo, Armando
Ortiz Álvarez, Ana María
Pérez Puga, Gerardo Ramón

SECRETARIO:

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O mércores, 12 de xuño de 2024, ás 12:15 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (25.03.2024).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Informe do reitor.
- 4.** Aprobación, se procede, da asignación inicial das bolsas-colaboración concedidas polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes para o curso 2024/2025, aos departamentos solicitantes da Universidade de Vigo.

Propostas e acordos da Comisión Executiva (xuntanza do 28 de maio de 2024)

- 5.** Implantación de novos indicadores que debe cumprir o Consello Social, ao abeiro dos requisitos da Fundación Haz e do disposto na LOSU:
 - a)** Deberes de dilixencia; autoavaliación de desempeño do Consello Social. Asistencias a reunións.
 - b)** Cumprimento dos principios éticos, compliance e responsabilidade social.
- 6.** Aprobación, se procede, da proposta de prezos públicos dos títulos propios do Centro de Posgrao e Formación Permanente, para o curso 2024/2025. Autorización de cursos con redución de prezos.
- 7.** Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI) para actividades que acheguen ao estudantado ao mercado laboral e á empregabilidade.
- 8.** Aprobación, se procede, da aceptación da cesión á Universidade de Vigo da titularidade de patentes e rexistros de propiedade industrial pola Fundación Profesor Novoa Santos. (Consello de Goberno do 9 de maio de 2024).
- 9.** Informe que proceda sobre o proxecto de decreto que fixa os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no SUG para o curso 2024/2025.
- 10.** Aprobación, se procede, da dotación económica precisa para a licitación do servizo "contratación de asesoramento técnico para elaborar un estudo sobre a inserción de titulados da Universidade de Vigo 1990-2024, e análise comparativo".
- 11.** Outros acordos: prezos públicos, axudas, convenios, doazóns, modificacións non substanciais de títulos...

Propostas e acordos da Comisión de Actividades e Servizos (xuntanza do 25 de abril de 2024)

- 12.** Aprobación, se procede, da financiación do traballo sobre inserción laboral dos titulados en grao e mestrado na Universidade de Vigo, no curso 2021/2022.
- 13.** Outros acordos (resumidos na documentación que se xunta).

Asuntos remitidos polo Consello de Goberno (xuntanzas do 9 e 30 de maio de 2024)

- 14.** Aprobación definitiva da creación e participación da Universidade de Vigo no capital social da empresa spin-off ECOLABO PLUS, S. L.
- 15.** Informe que proceda sobre a extinción do Máster Universitario en Xestión do desenvolvemento sostible.
- 16.** Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes, e expresamente ao director de CINBIO, Miguel Ángel Correa, e á responsable de xestión, Noa Caramés, pola acollida ao Pleno e as explicacións para coñecer o traballo e as investigacións avanzadas que se están a facer no centro, "un espazo no que 200 persoas entréganse a facer pé no máis profundo e a indagar, ao mais alto nivel", nos campos da química,



bioloxía, medicina, física, matemáticas e informática. Engade Ernesto Pedrosa que agradece a entrega dos investigadores "porque os seus afáns fannos mellores a todos", e porque a súa capacidade "ensancha a nosa confianza no futuro", e remata: "valoramos moito esta visita".

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (25.03.2024).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Subliña Ernesto Pedrosa a importancia do punto 5 da orde do día, por ser a competencia "máis nova e quizais máis controvertida e esixente" á que se enfrontan os consellos sociais. Ao respecto lembra o artigo 47.2 da LOSU, no que se asigna ao Consello Social a función de velar polos principios éticos e de integridade académica, así como as directrices antifraude da universidade. Engade que independentemente do que se entenda por *velar*, "si parece claro que a responsabilidade pasa a ser do Consello Social".

Apunta a que o Pleno volve sobre este asunto, xa abordado tamén en anteriores sesión, "porque require a máxima atención e presteza, para promover a transparencia, o bo goberno e a corrección institucional na universidade, e como parte da nosa tarefa no tocante á rendición de contas, supervisar as actividades económicas e afastar sospeitas". Agradece ao responsable da Unidade de Análises e Programas que informe nesta sesión sobre os requisitos esixidos pola Fundación Haz aos consellos sociais en materia de ética e cumprimento, as esixencias recollidas no devandito artigo da LOSU e os deberes de dilixencia. Estes últimos focalízanse en dúas accións que se someten ao criterio do Pleno: a identificación nominativa das asistencias dos membros a cada unha das reunións do Consello Social, e a elaboración dunha enquisa de autoavaliación cuxas preguntas son entregadas nesta reunión para que os membros as validen ou as modifiquen antes de redactar a enquisa definitiva que deberán contestar mediante un soporte axeitado que preserve o anonimato das respostas. "Cumprindo o que se nos pide, propiciaremos que a Universidade de Vigo acade os maiores niveis posibles de transparencia, o que, ademais da importancia que ten en si mesmo este feito, terá tamén reflexo nos recursos que reciba".

De seguido cita varias informacións referidas á posición relevante da UVigo en distintos rankings, comunica a súa incorporación ao Consello Reitor do Campus Crea por invitación do reitor, e agradece a Xosé Manuel Atanes "o interesante resumo que nos achega" sobre a distribución por provincias e as competencias idiomáticas do emprego extraídas do amplo informe REDFUE sobre as competencias máis demandadas de egresados universitarios, entregado no Pleno anterior.

Finalmente lembra que está vacante a representación do Concello de Ourense no Consello Social, trala marcha de Armando Ojea ao Parlamento Galego.

PUNTO 3

Informe do reitor.

Manuel Reigosa principia reflexionando sobre a importancia da temática recollida no punto cinco da orde do día, e dá conta de iniciativas que fortalecerán o compliance nas que xa está a traballar a UVigo. A modo de exemplos máis salientables cita a publicación dos datos patrimoniais dos membros do equipo de goberno (pioneiros nas universidades españolas), e a apertura dunha canle de denuncia anónima que está xa en probas. Doutra volta expón, dunha parte, a creación, avatares e procesos de recoñecemento superados polos centros de investigación da UVigo que acadaron a integración na rede galega, e doutra, os novos centros propios que inician o proceso, cunha traxectoria favorable e que teñen dous anos para conseguilo.

Refire de seguido a situación no tocante ás liñas abertas para a captación de talento que está a desenvolver a UVigo, o procedemento de substitución do persoal investigador consonte o novo ordenamento xurídico, a chegada de investigadores Ramón e Cajal -"que lle reportan á UVigo o recoñecemento e a solidez para desenvolver unha carreira científica"- e os programas de atracción doutros investigadores de nivel



extraordinario. Expresamente valora o consenso cos sindicatos para que o reitor poida dispor dunha determinada porcentaxe de prazas, enfocadas a accións estratéxicas que permitan atraer talento.

Remata aludindo tamén á boa posición da UVigo nos rankings, sinalando que por publicacións científicas e por colaboracións científicas internacionais, a UVigo estaría "moito máis arriba", sendo así que as citas dos investigadores da UVigo superan as das universidades mellor situadas no ranking a nivel xeral. "¿Por que non está mellor a UVigo?", polos indicadores de opinións. Para trocar esa eiva, invita aos membros do Consello Social a difundir as fortalezas e a potencia da UVigo, estando convencidos e sendo conscientes "do boa que é a nosa universidade".

PUNTO 4

Aprobación, se procede, da asignación inicial das bolsas-colaboración concedidas polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes para o curso 2024/2025, aos departamentos solicitantes da Universidade de Vigo.

Explica o secretario que se pide o referendo da distribución, delegada inicialmente no presidente do Consello Social porque o prazo límite para a publicación do listado remataba o día 8 de xuño. Resume que as bolsas adxudicadas polo Ministerio á UVigo son 49, 4 menos que en 2023, e as solicitudes son 125 de 42 departamentos, cantidades ámbalas dúas que se sitúan nos postos máis baixos dos rexistros contabilizados nos trece últimos anos. Respecto no descenso de bolsas adxudicadas, Ignacio Rodríguez indica que se corresponde coas finalmente pedidas na convocatoria de 2023, xa que nas bases figura que o número de bolsas solicitadas no curso anterior influirá no reparto do ano seguinte.

Natalia Caparrini suxire reflexionar sobre como se pode motivar unha maior implicación dos departamentos e dos entes universitarios para fomentar un maior interese e demanda das bolsas. O secretario resposta que a convocatoria das bolsas comunícaselle inicialmente aos departamentos pedíndolles explicitamente que colaboren na titorización dos candidatos e se impliquen na difusión entre o alumnado. De seguido remíteselles tamén por e-mail un recordatorio, e finalmente contáctase por teléfono con todos os que non solicitaron, para lembrarlles e facilitarlles as solicitudes, sendo finalmente o resultado "o que é".

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 5

Implantación de novos indicadores que debe cumprir o Consello Social, ao abeiro dos requisitos da Fundación Haz e do disposto na LOSU:

- a) Deberes de dilixencia; autoavaliación de desempeño do Consello Social. Asistencias a reunións.*
- b) Cumprimento dos principios éticos, compliance e responsabilidade social.*

5a) Intervén David Basalo para agradecer a receptividade do Consello Social con esta temática e a invitación a presentar o seu informe. "Rendición de contas: a responsabilidade social, integridade e transparencia na UVigo". Explica que para contribuír á maior transparencia da UVigo, a Fundación Haz establece indicadores de avaliación dos consellos sociais, que no caso de Vigo estanse a cumprir excepto os denominados "deberes de dilixencia", isto é: informar da porcentaxe de asistencia de cada un dos membros do Consello Social ás reunións dos diferentes órganos, e efectuar periodicamente unha autoavaliación de desempeño por parte de cada un dos membros, para o que se somete a aprobación unha proposta de indicadores. O secretario aclara que a autoavaliación consiste nunha serie de preguntas que se remitiron a este Pleno por se os membros queren facer algunha aportación ou modificación. As aportacións recolleranse para elaborar o documento definitivo que se enviará de novo aos membros para que remitan as súas respostas, que serán anónimas. Unha vez procesados os datos deseñarase un documento coas conclusións, que se presentará no Pleno. A previsión é que estea publicado na web do Consello Social no mes de setembro, do mesmo xeito que o novo formato do cadro de asistencias correspondente a 2023.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***



5b) Así mesmo, Basalo afirma que, ao abeiro do artigo 47 da LOSU, no que se responsabiliza ao Consello Social de "velar polo cumprimento dos principios éticos, a integridade académica e as directrices antifraude que deben guiar a función docente e investigadora, en colaboración cos organismos e plans dos que, para estes efectos, dispoña cada universidade", a Fundación Haz crea unha nova área de información denominada "Ética e cumprimento", con tres novos indicadores de compliance, e recomenda aos consellos sociais impulsar o desenvolvemento dun código ético da universidade, a designación dun responsable de área ou unidade de cumprimento, e a implantación dun sistema interno de información ou canle ético para formular consultas ou presentar denuncias. Reflexiona sobre distintos aspectos, prazos e comparativas entre universidades a considerar neste proceso.

Juan José Santamaría invita a interiorizar e asumir a información exposta, e roga que se axilice a canle ética que -a seu xuízo- debería estar xa implantada.

- ***O Pleno dáse por informado.***

O presidente agradece a presenza de David Basalo, que abandona a sesión nese intre.

PUNTOS 6 A 11

6) Aprobación, se procede, da proposta de prezos públicos dos títulos propios do Centro de Posgrao e Formación Permanente, para o curso 2024/2025. Autorización de cursos con redución de prezos.

7) Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI) para actividades que acheguen ao estudantado ao mercado laboral e á empregabilidade.

8) Aprobación, se procede, da aceptación da cesión á Universidade de Vigo da titularidade de patentes e rexistros de propiedade industrial pola Fundación Profesor Novoa Santos. (Consello de Goberno do 9 de maio de 2024).

9) Informe que proceda sobre o proxecto de decreto que fixa os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no SUG para o curso 2024/2025.

10) Aprobación, se procede, da dotación económica precisa para a licitación do servizo "contratación de asesoramento técnico para elaborar un estudo sobre a inserción de titulados da Universidade de Vigo 1990-2024, e análise comparativo".

11) Outros acordos: prezos públicos, axudas, convenios, doazóns, modificacións non substanciais de títulos...

Os membros reciben un resumo de todos os puntos tratados na Comisión Executiva (28 de maio) comprendidos entre os puntos 6 e 11 da orde do día do pleno. O presidente dá lectura a cada un deles cunha breve descrición salientando os aspectos máis destacados. O secretario aclara que na documentación remitida consta información de todos os puntos da comisión a fin de manter informado ao Pleno. Engade que na orde do día teñen enunciado propio aqueles que deben ser ratificados, informados ou aprobados polo Pleno, e os restantes agrúpanse todos no punto 11. O Pleno, por asentimento, ACORDA:

- ***6) Aprobar a proposta.***
- ***7) Dar a aprobación, cunha dotación máxima de 20.000 €.***
- ***8) Aprobar a cesión.***
- ***9) Informar favorablemente.***
- ***10) Aprobar unha aportación máxima de 14.250 € (IVE incluído).***
- ***11) O pleno dáse por informado.***

Os membros dispoñen dun resumo de todos os puntos tratados na Comisión de Actividades e Servizos (25 de abril). O presidente dá lectura ao contido do acordo máis significado, que debe validar o pleno, e de todos os asuntos restantes agrupados no punto 13 e resumidos de xeito individualizado. O Pleno ACORDA:



PUNTO 12

Aprobación, se procede, da financiación do traballo sobre inserción laboral dos titulados en grao e mestrado na Universidade de Vigo, no curso 2021/2022.

A Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade solicita ao Consello Social a financiación do estudo sobre a inserción laboral dos titulados en grao e mestrado, por consideralo de especial interese e para cumprir os requirimentos para a participación da UVigo, a través da Unidade de Análises e Programas, nos rankings universitarios nacionais e internacionais, e posibilitar a mellora dos posicionamentos da universidade. A maiores facilitará información actualizada para os informes anuais de Calidade dos centros, para o Portal de Transparencia e para as unidades administrativas e académicas da universidade. O traballo encoméndase ao Observatorio de Persoas Tituladas por un importe de 9.490 € + IVE.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 13

Outros acordos (resumidos na documentación que se xunta).

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 14

Aprobación definitiva da creación e participación da Universidade de Vigo no capital social da empresa spin-off ECOLABO PLUS, S. L.

Lembra o presidente que o Pleno acordou a aprobación inicial na sesión do pasado 25 de marzo, propoñéndose agora a aprobación definitiva nos mesmos termos.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 15

Informe que proceda sobre a extinción do Máster Universitario en Xestión do desenvolvemento sostible.

- ***Infórmase favorablemente a proposta de extinción.***

PUNTO 16

Rogos e preguntas.

Antonio Macho, respecto do punto 12, interésase polas conclusións entre os empregos dos egresados e a súa formación académica, e se esa relación se mide no estudo adecuadamente. Juan José Santamaría suxire que a universidade teña en conta as conclusións do estudo cando revise o plan de estudos e analice a situación tendo en conta os resultados. Jesús Graña pregunta se os estudos propios dispoñen de máis financiación externa, ao que resposta o reitor que poden recibir fondos de diversa procedencia e que algúns son gratuítos.

Juan José Santamaría roga que se lle pida ao equipo reitoral ou a xerencia explicacións sobre as diverxencias cuantitativas, que constan en acta do pleno celebrado o pasado 25 de marzo, sobre remanentes e saldos de dubidoso cobro, ás que se fai referencia en dita acta aludindo á Comisión Económica do 29 de febreiro (punto 11. Liquidación do orzamento da Universidade de Vigo). O secretario responde que a información en cuestión está solicitada e en espera de resposta por parte da xerencia.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:10 horas do 12 de xuño de 2024, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr., O presidente do Consello Social,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado dixitalmente)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)